BOPPO | BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
Deputación Pontevedra
Mércores, 13 de abril de 2016 Nº 70

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Bolsas de emprego

IMPUGNACIÓN DAS BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS (BOP Nº 6 DO 12/01/2016)

O colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia, con Rexistro de entrada de data 22/01/2016 (DOC. 160007447), interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 11/12/2015 (publicado no BOP nº 6 do 12/01/2016), pola que se aprobaron as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como enxeñeiros industriais, subgrupo A1, considerando errónea a titulación de "grao en enxeñería industrial ou equivalente" esixida na Base II apartado e) para ser admitido á realización do proceso selectivo.

Do devandito recurso deuse traslado ao colexio oficial de peritos e enxeñeiros técnicos industriais de Vigo–que se personou no procedemento como interesado na impugnación formulada mediante escrito con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 01/03/2016 (DOC. 160024836) -, outorgándolle un trámite de audiencia de dez días, de conformidade co previsto no artigo 112 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), para formular as alegacións e achegar os documentos que considerase oportunos en defensa dos seus dereitos, antes de formular proposta de resolución definitiva.

Ao tratarse dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva, procédese a publicación de anuncio mediante inserción no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co previsto no artigo 59.6.b) LRX-PAC, a fin de que quenes teñan presentado a instancia para participar en dito procedemento selectivo poidan ter coñecemento da devandita impugnación e dispoñan dun prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da publicación, para achegar as alegacións e documentos que estimen oportunos.

O expediente estará á súa disposición para consulta e obtención de copia (previa exacción da taxa correspondente) nas dependencias municipais da Área de Recursos Humanos e Formación, sitas no primeiro andar da Casa do Concello, en horario de atención ao público de 9:00h a 14:00h.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.—O Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, Javier Pardo Espiñeira (Delegación competencial contida en Decreto da Excma. Alcaldía de 19/06/2015 e acordo da XGL de mesma data).

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 8GJNL9H1RTFGQK6N